

Seguramente,  
algunha vez tiveches  
unha **princesa** ao teu carón.

Quizais non te decataches  
porque nese **momento**  
non levaba a **coroa** posta.

En realidade, **existen** moitas  
máis **princesas** das que imaxinabas.

Con este libro vas descubrir  
un **importante segredo**  
e coñecerás moitas...  
**princesas de hoxe en día.**



ISBN: 979-13-88132-05-6 www.nubeocho.com



9 791388 132056

PRINCESAS de hoxe en día

Luis Amavisca Dolores Brown Sonja Wimmer



Luis Amavisca & Dolores Brown

# PRINCESAS de hoxe en día

Ilustrado por Sonja Wimmer



*A miña nai, que me educou na igualdade e me abriu os ollos á inxustiza. Grazas.  
A miña avoa, miña irmá Cristina, miñas amigas irmás Agatha e Jessica.  
Aos meus confidentes, aos meus cómplices, a todas as persoas que cren na igualdade.*

Luis Amavisca

*A Lola, Hana, May, Lina, Dima, Matilde, Mili, Mer,  
Blu Jeny, Chela, Tiziana, Mar, Susanna, Rima e mais Elena.*

Dolores Brown

*A Luna, miña Nai, Dani, Astrid, Annerose, Graciela, Maru, Fernanda, M<sup>a</sup> Ángeles,  
Juana Marie, Sandra, Begoña, Rebeca, Sophia, Doris, Eva, Wilma, Uschi, Gabi,  
Heike, Marion, Susanne, Penelopa, Vroni, Crisztina, Patricia, Ana, Rosi, Robin,  
ás mulleres da miña familia alemá e arxentina e a todas as damas de Barcelona.*

Sonja Wimmer

é

É G A L I T È

### Princesas de hoxe en día

Colección Egalité

© do texto: Luis Amavisca e Dolores Brown, 2018-2026  
© das ilustracións: Sonja Wimmer, 2018-2026  
© da edición: NubeOcho, 2018-2026  
© da tradución: Iria Carballo, 2026  
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Princesas de hoy en día*

Primeira edición: Abril, 2026  
ISBN: 979-13-88132-05-6  
Depósito Legal: M-5231-2026

Impreso en España.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

# PRINCESAS de hoxe en día



Luis Amavisca & Dolores Brown

Ilustrado por Sonja Wimmer

  
nubeOCHO

## Quizais

cando pensas en **princesas**  
imaxinas **castelos** e historias  
dos **contos** do pasado.

Se pechas os **ollos** uns segundos,  
pode que as vexas rodeadas de **fadas**.  
Ao mellor hai **dragóns** cerca  
ou pode que tamén haxa **bruxas**.

Pero cres que as **princesas**  
pertencen só ao **pasado**?



Seguramente,  
algunha vez tiveches  
unha **princesa**  
ao teu carón.

Igual non te decataches  
porque nese **momento**  
non levaba a **coroa** posta.

Se cadra a túa veciña é unha **princesa**,  
ou a túa **amiga** da escola...  
Ao mellor túa **avoa**  
ou túa **nai** tamén o son!

**A partir de hoxe**  
vas descubrir que existen  
**moitas** máis **princesas**  
das que pensabas.

Vamos **coñecer** algunhas!





Nome: Princesa Ana

Idade: 32 anos

Profesión: médica

Encántalle: camiñar baixo  
a choiva e beber chocolate  
quente nos días de frío.

**H**abía unha vez unha princesa  
que soñaba con ser **médica de urxencias**.

A **princesa Ana** estudou, **esforzouse**...  
e, finalmente, conseguiu. Cando ten quenda de **noite**,  
o príncipe tenta esperala esperto. Pero algunha vez queda durmido.

**H**abía unha vez unha princesa que amaba o teatro e a poesía.

A princesa Rita adora os poemas de Gloria Fuertes e de Gabriela Mistral.

Cando a princesa actúa nas funcións de teatro da escola, sorri cos aplausos e saúda o público.



Nome: Princesa Rita

Idade: 11 anos

Cando medre quere ser: actriz

Encántalle: poñer o seu nariz de pallasa no metro e ir ao cine e ao teatro.

Nº F

136



Nome: Princesa Beatriz  
Idade: 43 anos  
Profesión: peiteadora  
Encántalle: pasear polo monte na procura de seres fantásticos e disfrazarse.

**H**abía unha vez unha princesa que non quixo ter parella, mais decidiu ser **nai**. O pequeno **príncipe** chámase **Daniel**. Adora disfrazarse coa súa **nai**, a **princesa Beatriz**. Cando lle preguntan se non ten pai, adoita **responder** que ten unha nai que é **princesa pirata** e que iso... **mola!**





Nome: Princesa Leila

Idade: 39 anos

Profesión: arquitecta

Encántalle: o mergullo  
e facer fotografías debaixo  
da auga.

**H**abía unha vez unha princesa  
que adoraba **deseñar** casas e edificios.

A **princesa Leila** traballa nun estudio  
xunto con outras **arquitectas**.

Algún sábado tócalle **traballar**, e a súa filla  
e os seus fillos quedan na casa co **pai**.